

## CÓMO SE MIDEN OS VERSOS

Medir un verso consiste en contar o número de sílabas que ten.

¡Olo! Non ten por que ser exactamente o mesmo o número de sílabas gramaticais e o número de sílabas métricas:

- A sinalefa: consiste en contar como unha sílaba a dunha palabra que acabe en vocal e a doutra que comece por vocal.
- A diérese: consiste en desunir as vocais dun ditongo para contarmos unha sílaba máis.
- A sinérese: consiste en unir dúas vocais de sílabas diferentes que non formaban ditongo.
- A acentuación final:

(¡Olo! Nas cantigas medievais cóntase ata a última sílaba tónica)

- Se a última palabra do verso é aguda cóntase unha sílaba máis

- Se a última palabra do verso é esdrúxula réstase unha sílaba

Os versos de menos de oito sílabas son de arte menor

Son versos de arte maior os que teñen nove ou máis sílabas

ASÍ SE INDICA O ESQUEMA MÉTRICO DO POEMA

- O número á dereita indica as sílabas do verso
- A letra representa a rima. Se é de arte maior será maiúscula; se é de arte menor, minúscula.
- Se hai versos que non riman (versos soltos) ponse unha raia ao seu carón
- Os versos libres son os que non teñen nin medida nin rima; son os que predominan na poesía moderna.

## TIPOS DE ESTROFAS

ESTROFA	VERSOS	ESQUEMA	RIMA
Pareado	2	AA / aa	Variada
Terceto	3		
Copla	4	- a - a	Asonante
Cuarteta	4	Abab	Consonante
Cuarteto	4	ABBA	consonante
Serventesio	4	ABAB	consonante
Lira	5	7 <sup>a</sup> 11b7a7b11B	consonante
Quinteto	5	arte maior	
Quintilla	5	arte menor	consonante
Sexteto	6		
Oitava	8		
Décima	10	8 <sup>a</sup> 8b8b8a8a8c8c8d8d8c	consonante
Soneto	14	ABBA ABBA CDC DCD	
Romance	indefinido	- a - a	Asonante
Silva	indefinido	7 e 11 sílabas	Consonante